

Creando empresas saudables



Creación dunha contorna saudable de traballo

Partindo da situación actual atopámonos con que os accidentes e as baixas por incapacidade temporal (absentismo) aumentaron considerablemente nos últimos anos. Isto fai que diminúa a capacidade das nosas empresas para xerar produtos e servizos e por tanto diminúe a produtividade das mesmas. A riqueza dunha empresa depende da saúde dos seus traballadores, para iso é vital mellorar:

Problema: Comunicación deficiente II

Causas:

1. A información non é adecuada por defecto, exceso ou saturación da mesma.
2. Presenza de 'ladrons de tempo', elementos que pola súa mecánica de traballo implican o uso de tempo inútil que podería ser empregado na propia actividade específica.

Consecuencias:

1. Sobreactivación da persoa que ten que realizar a tarefa.
2. Procura de culpables. A alguén hai que cargarlle o moucho.
3. Atrasos á hora de realizar o traballo.
4. Procura de saídas de urxencia a situacións que non se tiñan previstas.

Medidas aplicables para conseguir unha contorna saudable:

1. Dispoñer dun sistema de comunicación unitario e coñecido por todos.
2. Accesibilidade ás canles de información. Non hai que empregar máis tempo do necesario en transmitir ou recibir as indicacións, nin empregar máis tempo do oportuno na utilización das canles de transmisión.
3. Eliminar o 'ruído' das comunicacións. Transmitir as informacións secundarias por outras canles. Este tipo de comunicacións adoita enmascarar á principal facendo máis difícil a súa distinción e polo tanto a súa posta en práctica.
4. Resaltar o importante e clarificalo para que se reciba de forma inequívoca.